

INTRODUCCIÓN

O texto que presentamos aquí é un escrito de Margaret Robinson, activista e investigadora feminista, vegana e bisexual de orixe nativa e que actualmente vive en Toronto. Os campos do seu traballo van dende a saúde mental e a patoloxización das identidades de xénero ou as orientacións sexuais non heteronormativas, ata a teoría queer, a socioloxía ou as ciencias políticas, pasando pola teoloxía feminista e a influencia ecofeminista nas comunidades nativas postcoloniais.

En "*Veganism and Mi'kmaq legends: Feminist natives do eat tofu*" (Veganismo e lendas Mi'kmaq: As nativas feministas comen tofu), Robinson realiza unha reinterpretación das principais lendas do folclore Mi'kmaq, coa intención de atopar paralelismos que conecten a ética antiespecista coa construción moral e social Mi'kmaq da súa relación coas e cos animais non-humanos, y coa natureza. A través desta revisión, Robinson racha co estereotipo especista que asocia o veganismo a un privilexio "primermundista" das persoas brancas, economicamente solventes e urbanitas, e demostra que o veganismo non só é compatible coa cultura, tradicións e identidade do pobo Mi'kmaq, senón que de feito é, posiblemente, o único xeito que hoxe en día o pobo Mi'kmaq ten para conservar o seu arraigo ante as deformadas versións das súas tradicións que lles devolveron os xenocidas colonizadores, e ser consecuente coa súa propia historia e pasado, un pasado por outra banda en continua revisión.

Para nós, este texto supón un importante paso na configuración dunha historiografía rupturista coa hexemonía ideolóxica do especismo, prominente na cultura branca e occidental, pero bastante ausente sen embargo en moitas culturas indíxenas ou

nativas onde, con todo, desenvolveuse artificialmente debido ao contacto forzado e tardío destes pobos coa cultura e os mitos da sociedade branca, xudeocristiá, imperialista, industrial e patriarcal de Occidente, dende a época colonial ata a era contemporánea. Por esta razón, decidimos traducir o texto ao galego dende a súa versión orixinal en inglés, e difundilo nun formato accesible, pola rede e na rúa.

Agardamos aportar con isto o noso propio graniño de area na demolición dos mitos antropocentristas, e no avance da ética cara unha nova posición na que sexan valorados e considerados os intereses de todas as especies, independentemente de se teñen pico, colmillos ou mandíbulas rumiantes, se corren, voan, saltan ou nadan, se muxen, ouvean, graznan ou falan.

Por un mundo sen gaiolas nin autoridade, pola liberación total...

Distribuidora Anarquista Polaris.



VEGANISMO E LENDAS MI'KMAQ: AS NATIVAS FEMINISTAS COMEN TOFU

O propósito destes papeis é facer unha lectura ecofeminista e postcolonial das lendas Mi'kmaq como a base para unha dieta vegana arraigada na cultura indíxena. Tal proxecto afronta dúas significativas barreiras. A primeira é a asociación do veganismo co branco.

Drew Hayden Taylor retratou a abstinencia de comer carne como unha práctica branca (Taylor 2000a, 2000b). Nunha broma ao comezo do seu documental *"Redskins, Tricksters and Puppy Stew"* (Peles Vermellas, Mentireiros e Guiso de Cadelño), él pregunta: *"A que chamas ti nativo vexetariano? A un cazador moi malo"*. O ecoloxista Robert Hunter (1999) representa o veganismo como *"eco-xesuitas"* e *"fundamentalistas vexetais"* que *"obrigan ás persoas nativas a facer as cousas coma o home branco"* (p. 100-113). Proxectando o imperialismo branco sobre as veganas, Hunter permite ás omnívoras brancas enlazarse coas nativas a través do consumo de carne. En *"Stuff White People Like"* (Cousas que lle gustan á xente branca), o autor satírico Christian Lander (2008) retrata o veganismo como unha táctica para manter a supremacía branca. Escribe:

"Como moitas actividades de xente branca, ser veganas/vexetarianas permítelles sentirse coma se estiveran axudando ao medioambiente e ofrécelles unha doce maneira de sentirse superiores ás demais." (p. 38).

Cando o veganismo é construído como algo branco, as persoas das Primeiras Nacións que escollen unha dieta sen carne son retratadas como se sacrificasen a autenticidade cultural. Isto presenta un desafío para aquelas de nós que vemos as nosas dietas veganas como ética, espiritual

e culturalmente compatibles coas nosas tradicións indíxenas.

Unha segunda barreira para o veganismo nativo é o seu retrato coma o produto dun privilexio de clase. As oponentes claman que unha dieta vegana é unha indulxencia porque as persoas pobres deben comer o que esté disponible, e non poden permitirse ser tan esixentes. Por unha lóxica similar, as persoas pobres tampouco poden permitirse absterse de caviar ou trufas. Os argumentos baseados na clase social asumen que as comidas especiais altamente procesadas ou a fruta e as hortalizas importadas forman a maior parte dunha dieta vegana. Tamén pasan por alto o custo da carne, e asumen que as industrias subvencionadas da carne e do leite en Norteamérica son representativas de todo o mundo.

A miña proposta non é que reemplacemos unha vibrante cultura gastronómica tradizoal cunha asociada coa cultura branca privilexiada. O actual modelo de alimentación da maioría das Mi'kmaq xa é branco, e é complicado pola pobreza. Como explicou unha participante no estudo de Bonita Lawrence de identidade nativa urbana mestiza, *"a xente foi habituada a crer que a pobreza é nativa – así que a túa sopa de macarróns e a túa dieta pobre son nativas"* (2004, p 235). A falta de acceso a comidas ricas en nutrientes é un problema que as nativas teñen en común con outros grupos oprimidos racial e economicamente. Como explica Konju Briggs Jr. (2010), do Africana Institute, no Essex County College, *"nos EE.UU. comunidades pobres de cor carecen a miúdo de acceso a comidas frescas saudables, e atópanse desproporcionadamente afectadas polas enfermidades das dietas e os estilos de vida occidentais"*. El identifica isto coma unha táctica da guerra de clases, dirixida a *"prever ás máis crónicamente empobrecidas de ser quenes de estar sás, ser lonxevas e altamente funcionais, e de poder destacar coma seres humanas"*.

Moitas investigadoras (Jonhson 1977; Travers 1995; Mi'kmaq Health

Research Group 2007) sinalaron que o sistema de reservas enxendrou unha dieta alta en azucre e carbohidratos e baixa en proteína e fibra. Como resultado, as Mi'kmaq viron un serio incremento da obesidade, a diabetes e as pedras na vesícula. O profesor de ecoloxía humana, Kim Travers (1995) citou tres causas dunha dieta pobre en nutrientes entre as Mi'kmaq; Baixos ingresos, falta de acceso a transporte e reservas non aptas para a agricultura, a pesca ou a caza. Travers sinalou que as habitantes da reserva están limitadas con frecuencia a comer proteínas altamente procesadas coma a manteiga de cacahuete, as salchichas ou a carne picada.

Tradizoalmente, a dieta Mi'kmaq era pesada en carne, consistindo en carne de castor, peixes, anguilas, aves, ourizos e, ás veces, animais máis grandes coma baleas, alces ou caribús, complementados con vexetais, raíces, nozes e baias. Nas lendas Mi'kmaq, a palabra para "comida" é a mesma palabra que para "castor", establecendo a carne coma o arquetipo do comestible. O uso de animais como comida tamén figura prominentemente nas lendas Mi'kmaq.

A produción e consumo de comida están divididos por xéneros na cultura Mi'kmaq. A caza era unha actividade masculina conectada coa conservación da virilidade. A primeira vez que un neno mataba cazando actuaba coma un símbolo da súa entrada na masculinidade. Rexeitar a caza tamén é rexeitar un método tradizoal de construción da identidade masculina. Con todo, o contexto no cal é construída esta identidade mudou significativamente dende a chegada das colonizadores europeas. Poderíase dicir que a carne, coma un símbolo do patriarcado compartido coas forzas colonizadoras, é máis asimilado que prácticas coma o vexetarianismo.

A teóloga vegana e feminista Carol J. Adams (1990) argumenta que a creación da carne como concepto require a retirada da nosa conciencia

do/a animal cuxo cadáver estamos redefinindo coma comida. Adams escribe:

"A función do referente ausente é manter a nosa 'carne' separada de calquier idea de que ela ou él foi unha vez un ou unha animal, para manter o 'muuu' ou o 'pío pío' ou o 'bee' lonxe da carne, para manter a 'algo' lonxe de ser visto como 'alguén'. Unha vez que a existencia da carne é desconectada da existencia dun ou dunha animal que foi asasinado/a para convertirse en esa 'carne', a carne deixa de estar anclada ao seu referente orixinal (o/a animal) convertíndose con todo nunha imaxe flotante, usada frecuentemente para reflexar o estatus da muller así como o dos/as animais non-humanos" (p. 14-15).


Mentras que é evidente no comercio de peles, a industria pesqueira ou as granxas factoría, o desapego que Adams describe non é fundacional nos mitos Mi'kmaq. Nestas historias, a otredade da vida animal, que fai que comer carne sexa psicolóxicamente comfortable, é reemprazada por un modelo de creación onde os/as animais son retratados/as coma as nosas irmás/irmáns. Nas lendas Mi'kmaq, a vida humana e a vida animal están nun continuo, espiritual e fisicamente. Os/as animais falan, son quen de transformarse en humanos/as, e algúns/has humanos/as cásanse con estas criaturas que mudan de forma e crían nenos/as animais². Os/as magos/as humanos/as poderían adoptar a forma dun/ha animal, algunhas persoas poderíanse transformar no seu tótem animal, e outras incluso ser transformadas en animais contra a súa vontade³. Unha exéxese

2 Ver *"The Magical Coat"*, *"Shoes and Sword"* e *"The history of Usitebulajo"* (Rand 1893/2005).

3 Sobre a transformación dos/as magos/as, ver *"Robbery and Murder Revenged"*, *"Glooscap and Megumoowesoo"*, *"The Small Baby and the Big Bird"*, *"The Adventures of Katoogwasees"*, *"The Adventures of Ababejit, an Indian Chief and Magician of the Micmac Tribe"* e *"The LiverColored Giants and Magicians"* (Rand 1893/2005), *Glooscap, Kuhkw and Coolpujot* (Rand 1893/2004). Sobre a transformación en tótems

ecofeminista das lendas Mi'kmaq permítenos encadrar o veganismo coma unha práctica espiritual que recoñece ás humanas e au outros/as animais compartindo a súa personalidade.

As lendas Mi'kmaq retratan aos seres humanos coma íntimamente conectadas co mundo natural, non coma entidades distintas a él. "*A Micmac Creation Story*" (Unha historia da Creación Mi'kmaq) relata a creación de Glooskap, a súa avoa, e a miúdo o seu sobriño e a súa nai.



Glooskap é formado a partir da arxela vermella do chan e inicialmente carece de mobilidade, permanecendo sobre as súas costas afundidas na lama (Burke, 2005b). A súa avoa era orixinalmente unha rocha, o seu sobriño espuma do mar e a súa nai unha folla. Na historia de Nukumi, a avoa, o Creador forma a unha muller anciá dunha rocha cuberta de orvallo. Glooskap atópase con ela e ela accede a ser a súa avoa, proporcionando sabiduría a cambio de comida. Nukumi explica que ao ser unha muller maior, precisa carne porque non pode vivir só de prantas

animais ver "*The Magical Dancing Doll*", "*The History of Usitebulajoo*", "*The Invisible Boy*", "*The Adventures of Ababegjit, an Indian Chief and Magician of the Micmac Tribe*" e "*The Two Weasels*" (Rand 1893/2005). Para transformacións involuntarias, ver "*The Boy That Was Transformed Into A Horse*" e "*Two Weasels*" (Rand 1893/2005).

y froitas. Glooskap chama a Marten, e pregunta se él daría a súa vida para que a avoa de Glooskap poidese vivir. Marten accede debido á súa amizade. Polo seu sacrificio, Glooskap convirte a Marten no seu irmán. Esta historia representa, a través das personaxes de Glooskap e Marten, a relación básica das Mi'kmaq coas criaturas que lles rodean. Os/as animais queren proporcionar comida e roupa, refuxio e ferramentas, pero sempre deben ser tratados/as co respecto que se da a unha irmá ou a unha amiga.

"*A Micmac Creation History*" conta o nacemento do sobriño de Glooskap de espuma de mar atrapada nas herbas. Para celebrar a chegada do seu sobriño, Glooskap e a súa familia celebran un festín de peixes. Glooskap exhortou aos salmóns dos ríos e dos mares a achegarse á beira e ofrecer as súas vidas. Aínda que non libre de inconvenientes, esta dinámica está aberta á posibilidade de rexeitamento por parte do/a animal. Así, a historia socava a visión xeneralizada de que as humanas teñen un dereito innato a usar a carne dos/as animais coma comida. Glooskap e a súa familia non queren matar a todos/as os/as animais para a súa supervivencia, indicando moderación nas súas prácticas de pesca. O tema é a dependencia, non a dominación.

A supervivencia humana é a xustificación para a morte dos/as amigos/as animais de Glooskap. Os/as animais teñen unha vida independente, os seus propios propósitos e as súas propias relacións co Creador. Non están feitos/as para ser comida, pero convírtense voluntariamente en comida coma un sacrificio polos/as seus/súas amigos/as. Isto dista moito da perspectiva do cazador branco, na que os/as animais son construídos/as coma algo que require un control da poboación, convertindo a matanza nun servizo realizado, máis que nun servizo recibido.

Unha excepción interesante a este fío é a *Story of Glooskap and his*

people (A historia de Glooskap e o seu pobo), que culpa aos/ás animais polas agresións humanas cara eles/as. Neste conto Malsum, unha contraparte diabólica de Glooskap, volve aos/ás animais contra o heroe. Glooskap anuncia, *"eu creei aos/ás animais para ser os/as amigos/as das humanas, pero actuaron con egoísmo e traizón. De agora en adiante, deberán ser os teus servintes e proporcionarte comida e roupa"* (Hill, 1963, p. 24). Aquí Glooskap, non o Creador, é a fonte da vida animal, e ten poder sobre eles/as. A visión orixinal de harmonía pérdese e a desigualdade ten lugar coma o castigo por escoitar a Malsum. Neste sentido, a historia é similar á expulsión de Adán e Eva do Xardín do Edén, cos/coas animais tomando o lugar de Eva. Glooskap amosa aos homes como fabricar arcos, frechas e lanzas. Tamén ensina ás mulleres como curtir o coiro e fabricar roupa.

"Agora tedes poder incluso sobre as máis grandes criaturas salvaxes", dixo. *"Sen embargo, encárgovos usar este poder compasivamente. Se tomades máis do necesario para comer e vestirvos, ou matades polo pracer de matar, daquela seredes visitadas por un despiadado xigante chamado Famine".* Incluso nesta historia, que tenta xustificar a dominación, a relación apropiada cos/coas animais é só para obter comida e roupa. Os/as animais manteñen un dereito ás súas vidas, e os seus dereitos non se poden deixar a un lado á lixeira.⁴

Estas historias caracterizan aos/ás animais como persoas independentes con dereitos, vontades e liberdade. Se o consentimento dun/ha animal é requerido para xustificar o seu consumo, daquela ábrese a posibilidade de que o consentimento poidera ser revogado. A sobrepesca, a caza excesiva e a destrución ao pormaior do seu hábitat natural poderían certamente conceder aos/ás animais unha pausa para rebrantexarse a negociación.

4 Excepcións a isto aparecen en casos nos que un malévolo mago humano adoptou a forma dun animal. Nestes casos, o protagonista a miúdo mata ao animal sen mais propósito que o de derrotar ao inimigo humano transfigurado en animal.

Outra característica dalgunhas historias Mi'kmaq é o arrepentimento que ven coa morte dun/ha animal. En "*Story of Wolverine and his little brother*" (Rand 1893/2005), os paxaros son convidados a unha wigwam⁵ e ordénaseslles que pechen os ollos⁶. Entón, Lobezno empeza a matar a todos os paxaros. O seu irmán, sentíndose culpable por ter matado mais paxaros dos que precisaban para alimentarse, advirte ao resto de aves e axúdalles a fuxir.

Na historia de "*Nukumi and Fire*" (Burke, 2005), Nukumi rompe o pescozo de Marten e colócao no chan, pero Glooskap inmediatamente lamenta as súas accións. Nukumi fala co Creador e Marten é resucitado e regresa ao seu fogar no río. No chan agora descansa o cuerpo doutro marten. Este aspecto de la historia está lonxe do relato sinxelo de por qué comemos animais. Marten está á vez morto e vivo – morto coma un marten disponible para ser comido pola avoa, pero vivo como Marten, o amigo de Glooskap e o seu pobo⁷. "*The adventures of Katoogwasees*" (Rand, 1893; 2005, 200-211) conta como a avoa de Glooskap usou a maxia para obter cantidades ilimitadas de carne de castor a partir dun simple óso, reflexando un desexo de abundancia desconectado da necesidade de cazar.⁸

5 N. de T.: Unha wigwam é un tipo de vivenda cupulada e redonda, feita con postes arqueados formando un armazón cuberto de diferentes materiais como maleza, pel curtida de animais ou arxela, e que era usada por algunhas tribus nativas norteamericanas.

6 Considerade que Rand traduciu mal esta historia como "*Badger and his little brother*".

7 N. de T.: Aquí cremos que é preciso explicar o xogo de palabras. Marten é o nome que recibe a personaxe na lenda Mi'kmaq aquí descrita, pero Marten, Martes en galego, tamén é o nome que recibe un xénero de mamíferos carnívoros da familia dos mustélidos, e que habitan nalgúns bosques do Hemisferio Norte. O xogo de palabras consiste en que Marten con maiúscula refírese á personaxe do conto, mentras que marten en minúscula refírese ao tipo de animal.

8 Ver tamén "*Glooscap and the Megumwesoo*" e "*The magical food, belt and flute*" (Rand, 1893/2005).

O arrepentimento e o parentesco tamén figuran na historia de *"Muin, the bear's child"* (Burke, 2005a). Nunha versión deste conto un rapaz novo, Siko, é atrapado nunha cova polo seu malvado padrastro, e abandonado á morte. Os/as animais escóitanos chorar e tratan de salvalo, pero só a nai osa, Muiniskw, pode mover as rochas que bloquean a entrada á cova. Siko é criado coma un oso. Máis tarde, a familia osa de Siko é atacada por cazadores e a súa nai é asasinada. El dirixese aos cazadores dicindo *"Eu son un humano, coma vós. Coidade da osiña, a miña irmá adoptiva"*. Os abraiados cazadores baixan as súas armas e encantados aceptan coidar da cría osa. Discúlpense por ter matado á nai osa, que fora tan boa con Siko. Aquí, vemos que o arrepentimento pola morte dunha animal é contextualizado na relación de parentesco entre humanas e animais. Ao final da historia, Siko declara *"Eu deberei ser chamado Muin, o fillo da osa, a partir de agora. E cando medre, e sexa un cazador, nunca matarei a unha nai osa, nin a unha nena osa!"*. Outras versións da historia presentan a Muin revelándose a sí mesmo despois de que as osas sexan asasinadas, e amosa ás M'ikmaq coidando a todas as nais e as súas fillas en gratitude a Muiniskw pola súa protección ao neno.

Este arrepentimento tamén é expresado en rituais rodeando o acto da caza. O Anciano Mi'kmaq Murdena Marshall describe un destes rituais, unha danza *"para agradecer ao espírito do animal por dar a súa vida para que teñamos comida. Na danza, un amosa as súas habilidades e destrezas a través dunha recreación da caza. A xente canta e comparte historias mentras a danza é*



executada." ("*Confederacy of Mainland Mi'kmaq*", 2001, 80).

En contraste coa visión iluminadora das humanas como algo distinguido dos/as animais pola linguaxe e o raciocinio, aquí os/as animais non só son quen de falar e razonar, senón que poderíase dicir que son iguais ás persoas. O valor dos/as animais non reside na súa utilidade para as humanas, senón na súa mesma esencia coma seres vivos.

Non todas as tradicións alimentarias Mi'kmaq céntranse na carne. A nai de Glooskap era unha folla dunha árbore que cobraba vida e forma humana co sol. O festín celebrado no nacemento da nai de Glooskap é enteiramente vexetariano, e o sobriño, cuxa función soe ser a de cazador, convírtese no anfitrión nesta instancia. Se recoñecemos que as actividades tradizoalmente levadas a cabo polas mulleres Mi'kmaq, coma a recolección de froitas, verduras e noces tamén son tradicións totalmente nativas, entón podemos formar contra-narrativas indíxenas á promoción da carne.

Os valores obtidos a partir dunha exéxese ecofeminista das historias das Mi'kmaq poden servir coma un punto de partida para un veganismo indíxena. A personalidade dos/as animais, a súa autodeterminación e o noso arrepentimento perante as súas mortes, todo isto amosa que non escoller pedir o seu sacrificio é unha opción lexítima para as Mi'kmaq. Se a cultura vegana testifica que o consumo de animais para comer, vestir ou para construír refuxios xa non é preciso, entón a tradición Mi'kmaq suxire que a caza e o asasinato dos/as nosos/as irmáns/ás animais xa non está autorizado. Se as mulleres iniciaron a caza, como na historia da avoa de Glooskap, daquela seguro que estamos empoderadas para rematar con ela.

Porque os pobos nativos son os obxectivos dun xenocidio as prácticas culturais que adoptamos ou rexeitamos son de vital importancia. Bonita

Lawrence (2004) sinala que as prácticas da vida diaria foron usadas historicamente para avaliar a autenticidade das reivindicacións da identidade nativa, e conceder o estatus de Indio. Algunhas poderían argumentar que a encarnación dos valores Mi'kmaq en novas prácticas, coma o veganismo, non é un desenvolvemento lexítimo. Con todo, aquelas que valoran só a preservación dunha tradición que non muda únense aos poderes colonizadores ao non ver lugar para unha identidade indíxena contemporánea. Hai máis da miña cultura e da nosa relación coa terra, particularmente coma mulleres, que cazar e matar animais.

A pesca comercial moderna, a menudo promocionada como oferta de seguridade económica para as comunidades nativas, está realmente mais afastada dos nosos valores Mi'kmaq do que o están as prácticas veganas de hoxe en día. A primeira ve aos peixes coma obxectos que colleitar para intercambialos, co poder económico ocupando o lugar da subsistencia, mentras que a segunda arraiga nunha relación cos/coas animais baseada no respecto e a responsabilidade.

Unha tamén debe ser consciente do cambio nas circunstancias e necesidades entre a poboación Mi'kmaq. Poucas de nós podemos subsistir por nós mesmas a través da caza tradizoal, a pesca ou a recolección. Como amosan as investigacións, aquelas Mi'kmaq que viven en reservas son xeneralmente dependentes de produtos e comidas mercados en tendas. Ademáis, a metade da poboación nativa de Canadá vive en zonas urbanas (Siggner & Costa, 2005). Cando *Nativo* é definido exclusivamente coma un estilo de vida primordial reflexa a nosa extinción intencionada como pobo.

A reinterpretación da tradición e a maleabilidade dos rituais permitiron ás nosas antepasadas sobrevivir ao xenocidio, a fame, a enfermidade, os desprazamentos forzados, o aillamento en reservas, a escolarización residencial e outras enfermidades coloniais. De xeito similar, debemos

atopar xeitos de adaptarnos á crecente individualidade da vida urbana. Unha solución é encarnar os nosos valores tradizoais en novos rituais. Coa adopción dunha dieta vexetariana ou vegana, a preparación ou consumo das nosas comidas pódese converter nalgo infundido dun significado trascendental, mentras lembramos a nosa conexión cos/coas outros/as animais, a nosa conexión compartida co Creador, e prefiguramos un tempo no que poidamos vivir en harmonía cos/coas animais, como Glooskap fixo antes da invención da caza.

Prácticas alimentarias, valores e rituais da vida cotiá compartidos poden crear lazos entre os pobos nativos que axudan a contrarrestar o aillamento e o individualismo da vida urbana. O veganismo ofrécenos un sentido de pertenza a unha comunidade moral, cuxos valores e visión do mundo fanse concretas a través de prácticas diarias que están en consonancia cos valores das nosas antepasadas, incluso se están en desacordo coa súa práctica tradizoal, sensible ás cambiantes circunstancias sociais e medioambientais. Ao traer interpretacións postcoloniais e ecofeministas ás nosas historias, ao contar outra vez historias tradizoais ou ao crear novas historias, as mulleres nativas reclaman a autoridade sobre a nosa cultura. Ao facelo, recoñecemos que as nosas tradicións orais non están fixas no tempo e o espazo, senón que son adaptables ás necesidades dos/as nosos/as irmáns/irmás animais, e da propia terra en sí mesma.

Para mais textos, ensaios e artigos da autora, pode des
visitar a súa páxina web (en inglés):

<http://www.margaretrobinson.com>



TRABALLOS E OBRAS CITADAS

- Adams, C.J. (1990). *The Sexual Politics of Meat* (10xth Anniversary Ed.). New York, NY: Continuum.
- Briggs Jr., K. (September 12, 2010) "*Veganism is a revolutionary force in the class war*". The Scavenger. Disponible en Internet: <http://www.thescavenger.net/animals/veganism-is-a-revolutionaryforce-in-the-class-war-32867.html>.
- Burke, P. (2005a). "*Native American Legends: Muin, The Bear's Child*" Disponible en Internet: http://www.firstpeople.us/FP-HTML-Legends/Muin_The_Bears_Child-Micmac.html
- Burke, P. (2005b) "*Native American Legends: Nukumi and Fire.*" Disponible en Internet: http://www.firstpeople.us/FPHTML-Legends/Nukumi_And_Fire-Micmac.html
- Confederacy of Mainland Mi'kmaq. (2001). "*Mikwite'lmanej Mikmaqu'k: Let Us Remember The Old Mi'kmaq*". Halifax, NS: Nimbus Publishing.
- Hill, K. (1963) "*Glooscap and His Magic: Legends of the Wabanaki Indians*". New York, NY: Dodd, Mead & Company.
- Hunter, R. (1999). "*Red Blood: One (Mostly) White Guy's Encounters With the Native World*". McClelland & Stewart.
- Johnson, J.L., Williams, C.N., & Weldon, K.L.M. (June 18, 1977). "*Nutrient Intake And Meal Patterns Of Micmac Indian And Caucasian Women In Shubenacadie*", NS. Canadian Medical Association Journal, 116. Disponible en Internet: <http://www.ncbi.nlm.nih.gov/pmc/articles/.../pdf/canmedaj01506-0029.pdf>.
- Lander, C. (2008). "*Stuff White People Like: The Definitive Guide to the Unique Taste of Millions*". New York, NY: Random House.
- Lawrence, B. (2004). "*“Real” Indians and Others: Mixed-Blood Urban Native Peoples and Indigenous Nationhood*". Vancouver: University of British Columbia Press.
- Mi'kmaq Health Research Group. (January 7, 2007). "*The Health Of The Nova Scotia Mi'kmaq Population*". Sydney, NS: Union of Nova Scotia Indians. Disponible en Internet: http://aahrp.socialwork.dal.ca/files/Report_RHS%5B1%5D.pdf

- Rand, S. T. (1893/2005). *"Legends of the Micmacs. Volume I"* Invisible Books, West Orange, NJ. Disponible en Internet: www.invisiblebooks.com/Rand.pdf.
- Rand, S. T. (1893/2004). *"Legends of the Micmacs. Volume II"*. Invisible Books, West Orange, NJ. Disponible en Internet: www.invisiblebooks.com/Rand2.pdf.
- Siggner, A.J. & Costa, R. 2005. *"Aboriginal Conditions in Census Metropolitan Areas"*, 19812001. Statistics Canada Catalogue número 89-613-MIE – Number 008.
- Taylor, D.H. (2000, July 13-20). *"Real Natives Don't Eat Tofu"*. Now Magazine 19 (46). Disponible en Internet: <http://www.nowtoronto.com/news/story.cfm?content=123832>.
- Taylor, D.H. (Director). (2000). *"Redskins, Tricksters And Puppy Stew"*. Toronto: National Film Board of Canada.
- Travers, Kim D. (1995). *"Using Qualitative Research to Understand the Sociocultural Origins of Diabetes among Cape Breton Mi'kmaq"*. Chronic Diseases In Canada, 16 (4). Disponible en Internet: http://www.phac-aspc.gc.ca/publicat/cdic-mcc/16-4/b_e.html

